



Trámite: Informe final da Secretaría Xeral Técnica

Norma: Anteproxecto de Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia

Feitos

A Comunidade Autónoma de Galicia exerceu un primeiro desenvolvemento das súas competencias normativas no sector das augas termais mediante a aprobación da Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e da súa normativa de aplicación, constituída polo Decreto 402/1996, do 31 de outubro, de aprobación do Regulamento para o aproveitamento de augas minero-medicinais e dos establecementos balnearios.

Tal intervención autonómica limitouse, en canto ao aproveitamento das augas termais, á regulación dos seus usos terapéuticos, non sendo, en troques, obxecto de ordenación ningunha o réxime relativo ao aproveitamento lúdico dos referidos recursos termais. Precisamente, co establecemento na futura norma do réxime regulador do aproveitamento lúdico das augas termais cóbrease o indicado baleiro normativo.

Na tramitación deste anteproxecto de lei cumpríronse os trámites que a seguir se relacionan, todo isto de conformidade coa normativa legal e regulamentaria de aplicación:

- Trámite de Consulta Pública Previa, prevista nos artigos 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico. Durante o período comprendido entre o 04/07/2017 e o 19/07/2017, con carácter previo á elaboración do anteproxecto, substanciouse una consulta pública a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto co obxecto de recabar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma. Non se recibiron achegas ou opinións a través desta consulta (certificado da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, do 7/03/2018).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25/01/2018 polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de lei.
- Elaboración do anteproxecto de lei e da seguinte documentación que o acompaña:





Memoria xustificativa sobre a legalidade, acerto e oportunidade, así como sobre a adecuación da iniciativa aos principios previstos nos artigos 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e no 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Memoria económico-financeira.

Táboa de vixencias.

- Trámite de publicidade do anteproxecto de lei no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 9.c) da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A publicidade tivo lugar durante o período comprendido entre o 23/02/2018 e o 16/04/2018. Así recibíronse 17 suxestións a través do formulario dispoñible no propio Portal de Transparencia. O estudo e análise das observacións recibidas recóllese na “Memoria de repercusións” do 25/06/2019.
- Informe inicial da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de conformidade co establecido no artigo 7.1. do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio. O informe foi emitido con data 01/03/2018.
- Trámites de audiencia e información pública.

▪ Trámite de audiencia:

Deuse audiencia á seguinte relación de interesados:

1. Balneario de Arteixo_Comunidad de bienes Pablo/Diego Mosquera Calvete e Outros
2. Balneario de Carballo_Baños Viejos de Carballo S.A.
3. Balneario do Tremo_Balneario do Tremo S.L
4. Balneario de Guitiriz_Gran Balneario de Aguas Minero Medicinales de Guitiriz S.A.
5. Balneario de Lugo-Termas Romanas
6. Oca Augas Santas Balneario & Golf Resort_Hotel Balneario Aguas Santas S.L.
7. Balneario de Arnoia_Caldaria Termal, S.L.U.
8. Balneario de Baños de Molgas_Baños de Molgas S.L.
9. Balneario de Laías_Caldaria Termal, S.L.U.
10. Balneario de Lobios_Caldaria Termal, S.L.U.
11. Gran Balneario do Carballiño_Covaqui S.L.
12. Balneario de Caldas de Partovia_Garriga e Hijos S.L.





13. Balneario de Sousas_Euroinversiones Aguas de Sousas S.L.U.
14. Balneario Acuña_Tres Mares S.A.
15. Balneario Dávila_Herederos de David Legeren
16. Termas de Cuntis_Termas de Cuntis S.L.
17. Balneario Baños da Brea_Os Baños de Brea S.L.
18. Balneario de Caldelas de Tui_Balneario de Caldelas de Tui, S.L.
19. Hotel Eurostars Isla de la Toja_La Toja S.A.
20. Eurostars Gran Hotel La Toja_La Toja S.A.
21. Balneario de Mondariz_Aguas de Mondariz-Fuente del Val S.A.
22. Balneario de Cortegada
23. Antonio Peña Rodríguez_Comunidade de propietarios Edificio Progreso 51
24. Xardin das Burgas SA
25. Concello de Bande
26. Concello de Baños de Molgas
27. Concello de Ourense
28. Pablo Villuendas de Celis
29. Concello de Muiños
30. Concello de Xunqueira de Ambia
31. Concello de Punxín
32. Congregación Siervas de San José_Colexio San José
33. Concello de Castrelo de Miño
34. Termas Preixigueiro SL
35. Concello de Cenlle
36. Concello de Salvaterra de Miño
37. Concello de Caldas de Reis
38. Concello de Pontecaldelas
39. Concello de Catoira
40. Concello de Cuntis
41. Concello de Vila de Cruces
42. Concello de Tui
43. Concello de Mondariz
44. Concello de Mondariz Balneario
45. Concello de Moraña
46. Concello de Portas
47. Concello do Grove
48. Concello das Neves
49. Concello de Arbo
50. Concello da Cañiza
51. Concello de Lobios
52. Confederación Hidrográfica Miño Sil
53. Ibernisha, SL
54. Benigno Amor Barreiro_Asociación Gallega de la Propiedad Balnearia
55. Diego López González_Cámara Oficial Mineira de Galicia





56.Alfredo L. García Rodríguez_FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias)

- Información pública:

Anuncio do 12 de marzo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, da exposición pública do anteproxecto de Lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (DOG 16/03/2018).

- Informe sobre impacto de xénero, de conformidade co recollido no artigo 7 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro. O informe emitíuse con data 20/03/2018.
- Informe da dirección xeral competente en materia de orzamentos, segundo o establecido no artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais. O informe emitíuse con data 31/07/2019.
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emitido con data 14/03/2018.
- Informe do Consello Galego de Economía e Competitividade, a través do seu órgano executivo, o Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro; de conformidade co establecido no Título II e na disposición transitoria segunda da Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade e do recollido no artigo 5. a) do Regulamento do Consello Galego de Economía e Competitividade, aprobado polo Decreto 42/2015, do 26 de marzo. O informe emitíuse o 16/11/2018 na reunión celebrada polo dito comité executivo.
- Informe de Asesoría Xurídica Xeral, de conformidade co establecido nos artigos 8 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia e no artigo 11.1.a) do Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 343/2003, do 11 de xullo e no artigo 8 da Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público. O informe emitíuse con data 24/07/2019.





Consideracións legais

1. Este informe final da Secretaría Xeral Técnica emítese en cumprimento do disposto no artigo 7.1 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio.
2. A tramitación da norma axustouse na súa totalidade á esixida polas normas legais e regulamentarias de aplicación na tramitación de disposicións legislativas.
3. A competencia da Administración Autonómica e dos concretos órganos intervinentes, a adecuación á normativa vixente e o acerto e oportunidade da norma quedan xustificadas, como así consta acreditado no informe inicial da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 01/03/2018.
4. As alegacións recibidas froito do trámite de publicidade no Portal de Transparencia e dos trámites de audiencia e información pública foron asumidas ou non, xustificadamente, nos concretos termos da memoria de repercusións e anexo do 25/06/2019 que consta no expediente.
5. As observacións realizadas nos diferentes informes da Secretaria Xeral da Igualdade, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e do Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro foron asumidas e incluídas ou non, xustificadamente, nos concretos termos da memoria de repercusións e anexo do 25/06/2019 que consta no expediente.
6. Polo que respecta ao informe emitido pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, este ten sentido favorable e non se realizan observacións ao anteproxecto.
7. Polo que respecta ao ulterior informe de Asesoría Xurídica Xeral, este centro directivo efectuou unha serie de observacións, as cales foron acollidas no texto. Xúntase memoria xustificativa complementaria na que se da resposta ás esixencias de xustificación no expediente instadas por Asesoría.

A modo de resumo, resaltamos a continuación as variacións máis importantes introducidas logo do informe de Asesoría:

1. Declaración termal e prelacións. Se admite que cabe aproveitamento lúdico sobre augas á súa vez susceptibles de aproveitamento terapéutico (non só sobre augas exclusivamente declaradas termais aptas para aproveitamento lúdico), pero se introduce un matiz: o





aproveitamento lúdico só é posible unha vez descartado o proveitamento terapéutico (transcorridos os prazos de exercicio preferente para o proveitamento terapéutico e declinado pola Administración o concurso para proveitamentos terapéuticos). Esa prelación do terapéutico sobre o lúdico xa estaba contemplado na versión anterior, se ben agora se reflicte mediante esixencias distintas.

2. Proveitamentos lúdicos en perímetros de balnearios. Sobre o réxime deseñado finalmente (os terceiros só poden obter proveitamentos lúdicos no caso de emerxencias naturais e nunca -en ningún dos perímetros- no caso de emerxencias artificiais) se introduce unha novidade para cohonestar a posibilidade dos terceiros a proveitamentos a partir de emerxencias naturais co dereito dos balnearios a todos os proveitamentos que se atopen nos seus perímetros: antes hai que dar ao balneario a posibilidade de que exerza el ese dereito ao proveitamento lúdico. Só desistido dese dereito, se recoñece o proveitamento lúdico aos terceiros (mesmo no caso de emerxencias naturais).

3. Instrución do procedemento de outorgamento da autorización ou concesión para o proveitamento lúdico. Se suprimen informes preceptivos e vinculantes considerados excesivos e se suprime o carácter de procedemento integrado do dito procedemento.

4. Obrigas dos titulares. Se reforza a prohibición de que os novos establecementos lúdicos oferten ou presten proveitamentos terapéuticos.

5. DT1ª. Regularización. Se reformula o procedemento previsto e se circunscriben os efectos da regularización ao ámbito da competencia mineira, sen prexuízo das demais autorizacións ou permisos que poidan corresponder. Ademais no caso de establecementos preexistentes que viñeran facendo proveitamentos lúdicos a partir de augas exclusivamente mineiro medicinais, se esixe que previamente obteñan a declaración de termas. En caso contrario non poderían regularizarse.

6. Con carácter xeral se dota á regulación de maior contido regulatorio e se reducen os contidos por remisión a outras normas.

7. Ademais das expresamente previstas por Asesoría, se incorporan modificacións que son consecuencia de moitos daqueles cambios e que se considera que melloran a calidade da norma.





De acordo co indicado, considérase que este anteproxecto e lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se

Acorda

Informar favorablemente este anteproxecto de lei.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2019
O secretario xeral técnico

Borja Vereza Fraiz

